

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2022/2023 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 1º ESO | 3 | 105 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 24 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 26 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 27 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 27 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 28 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 29 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 30 |
| 7.2. Actividades complementarias | 30 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 31 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 33 |
| 9. Outros apartados | 33 |

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- Empezamos el viaje : unidade na que analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro.
 - Leer nos hace libres: centrada no estudo do proceso comunicativo e a incidencia dos seus elementos na interpretación das mensaxes orais e escritas.
 - Estamos hechos de palabras: esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.
 - Vivimos en los libros: esta unidade trata de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación e de apreciar o que moitos escritores souberon facer con el.
 - Describimos el mundo: unidade centrada na narración oral do conto nas súas diversas modalidades, tradicional e literaria. Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
 - Estamos atrapados en la red. Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de internet. Esa posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer.
- Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuizos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|------|---------|-------|----|----|-------|
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|---------|
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Empezamos el viaje | Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prexuízos lingüísticos. Por outra banda, dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas. | 20 | 15 | X | | |
| 2 | Leer nos hace libres | A lectura progresivamente autónoma de textos procedentes do patrimonio universal supón un obxectivo primordial da materia de Lingua Castelá e Literatura. Pero, para que o alumnado utilice eficazmente estratexias e paradigmas aplicables á análise das obras, é necesario dedicar unha unidade introdutoria ao recoñecemento dos recursos expresivos e aos seus efectos na | 10 | 15 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Leer nos hace libres | recepción como unha característica fundamental da linguaxe literaria. Por iso, esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Neste sentido, a creación dun obradoiro de lectura na aula favorece o establecemento das conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas á actualidade do alumnado, así como o achegamento aos distintos soportes que acollen a obra literaria, incluíndo formatos multimedia. | 10 | 15 | X | | |
| 3 | Estamos hechos de palabras | Nesta unidade reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas e analizamos e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el. Traballaremos na dedución do significado das palabras a partir de formantes coñecidos e o uso de sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos para a correcta organización do contido ara acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias. | 20 | 20 | | X | |
| 4 | Vivimos en los libros | Un dos propósitos fundamentais da Educación literaria reside na construción dunha identidade lectora sólida. Dedicaremos, en parte, esta unidade ao estudo das principais características dos xéneros narrativo, lírico e dramático. Na presente unidade, exporase a importancia do xénero narrativo como unha forma de comunicación interxeracional e o modo discursivo ficcional fundamental na tradición literaria de todas as culturas; a relevancia da poesía como vehículo da subxectividade do eu lírico; e a preeminencia do teatro, vinculado ás formas de comunicación verbal e non verbal. Aproximarémonos á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) | 20 | 20 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Vivimos en los libros | e a súa organización no discurso. Tamén revisaremos os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanaremos as incoherencias dos textos propios e alleos coa axuda do dicionario. | 20 | 20 | | X | |
| 5 | Descibimos el mundo | Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. | 10 | 20 | | | X |
| 6 | Estamos atrapados en la red | Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de internet. Esa posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer. | 20 | 15 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 1 | Empezamos el viaje | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as linguas oficiais de España e comparar os trazos característicos básicos do galego e do castelán. | PE | 70 |
| CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. | O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | En textos orais breves, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos. | | |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información máis importante. | | |
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | O alumnado explicará, como mínimo, a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor. | | |
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado será quen de producir textos narrativos e descritivos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | O alumnado ten que recoñecer o tema e as ideas principais de textos alleos e ser quen de achegar o seu punto de vista persoal. | TI | 30 |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | O alumnado realizará unha escoita activa, respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta o problema e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. - As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 2 | Leer nos hace libres | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos. | PE | 60 |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor. | | |
| CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria empregando os recursos expresivos aprendidos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado identificará distintas clases de palabras e algunhas relacións semánticas | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado será quen de producir textos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada. | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado amosará vontade de estilo na creación de textos de intención literaria. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | O alumnado respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta os problemas detectados e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles. | TI | 40 |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas. | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora. | Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumnado participará activamente no obradoiro de lectura, establecendo conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
 - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
 - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
 - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
 - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
 - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
 - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
 - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
 - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 3 | Estamos hechos de palabras | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos. | PE | 60 |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | En textos sinxelos, o alumnado deberá diferenciar de maneira argumentada os xéneros literarios, mediante unha lectura comparada que atenda á evolución dos temas e formas estéticas. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos para a correcta organización do contido. | | |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes en textos narrativos e descritivos. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical dunha palabra mediante a utilización de afixos, a partir da observación e transformación de enunciados. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas. | TI | 40 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos. | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria empregando os recursos expresivos aprendidos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 4 | Vivimos en los libros | 20 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto narrativo e a información máis importante. | PE | 60 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado amosará vontade de estilo na creación de textos de intención literaria. | | |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Como mínimo, cada alumno lerá un libro deixando constancia da lectura efectiva do mesmo respondendo a un cuestionario. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos para a correcta organización do contido. | | |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes en textos narrativos e descritivos. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical dunha palabra mediante a utilización de afixos, a partir da observación e transformación de enunciados. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais. | TI | 40 |
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado será quen de producir textos orais con fluidez utilizando o rexistro adecuado. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria dos xéneros narrativo, lírico e dramático, respectando as súas características principais. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios e alleos coa axuda do dicionario. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas. | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora. | Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumnado participará activamente no obradoiro de lectura, establecendo conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

Contidos

- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 5 | Descubrimos el mundo | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto descritivo e a súa información máis importante. | PE | 35 |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos descritivos escritos nos que representen de maneira organizada o aspecto dunha persoa, planta, animal, paisaxe ou obxecto. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | No herbario avaliarase a adecuación (registro), o respecto polas convencións da tipoloxía textual descritiva, a ortografía, a presentación, a elección correcta do léxico e a organización das ideas. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos descritivos orais e multimodais. | TI | 65 |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | Para a elaboración do herbario, o alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se documenta sobre a información técnica das flores e das plantas. | | |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | Todo o alumnado deberá participar activamente nas distintas fases de elaboración do herbario: selección das flores e plantas, procura de información técnica e elaboración da descrición. | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | No casos dos textos descritivos, o alumnado ten que revisar con especial atención o uso correcto, adecuado e preciso de substantivos e adxectivos. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | É imprescindible que o alumnado participe nas actividades en grupo con actitudes de respecto e tolerancia. | | |
| CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual. | Na elaboración do herbario, o alumnado ten que aplicar correctamente os coñecementos previos, discriminar a información útil, organizala de forma crítica e presentala cunha perspectiva persoal. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Na elaboración dos textos descritivos, o alumnado deberá aplicar os coñecementos adquiridos sobre substantivos e adxectivos para revisar as creacións propias e solucionar problemas de comprensión. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |

| Contidos |
|--|
| - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 6 | Estamos atrapados en la red | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | O alumnado terá que responder adecuadamente a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto dos medios de comunicación e a súa información máis importante. | PE | 35 |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado será quen de producir textos dos medios de comunicación utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | O alumnado será capaz de producir textos adecuados de diferentes tipoloxías textuais, cunha ortografía correcta, co vocabulario apropiado, e cunha organización lóxica e coherente das ideas. | | |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de tópicos literarios e estruturas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais propios dos medios de comunicación e das redes sociais. | TI | 65 |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa sobre asuntos da vida cotiá. | | |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura. | Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a información e as opinións. | | |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | O alumnado terá que detectar, como mínimo, a linguaxe sexista nos medios de comunicación, nomeadamente na publicidade. | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | O alumnado ten que identificar as ideas principais de textos alleos e ser quen de aportar o seu punto de vista persoal. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas. | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | En textos sinxelos, o alumnado deberá identificar os tópicos literarios e localizar os principais recursos expresivos empregados. | | |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Como mínimo, cada alumno ou alumna contribuirá con dous textos á antoloxía multimedia que conteña os textos máis representativos sobre os universais temáticos traballados. | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora. | Cada alumno ou alumna recitará como mínimo un texto e xustificará a súa elección a partir da súa propia experiencia biográfica e lectora. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de tópicos literarios e estruturas. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado. |

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a

identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Propórase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula dixital de Edixgal e ordenador portátil |
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente. |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes. |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura. |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes. |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. |
| Materiais de investigación e consulta. |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o

reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es
Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>
Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
Ejercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

¿Nas primeiras semanas de curso, levaráanse a cabo diversas actividades e unha proba de avaliación inicial con items variados para avaliar as capacidades do alumnado nos distintos bloques da materia, especialmente en comprensión e expresión oral, exactitude e velocidade lectora, comprensión e expresión escrita e coñecemento da lingua¿.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 10 | 20 | 20 | 10 | 20 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 60 | 60 | 60 | 35 | 35 | 54 |
| Táboa de indicadores | 30 | 40 | 40 | 40 | 65 | 65 | 46 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- Proba escrita.
- Traballos e actividades, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións, participación e traballo diario na aula e en casa.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media ponderada entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5.

A penalización por erros ortográficos e de expresión nas probas escritas é a seguinte: -0'10 por grafía ou signo de puntuación e -0'05 por til ata un máximo de 1 punto por proba. Naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restaranse ata 0,1 puntos.

Criterios de recuperación:

Antes da avaliación final, o alumnado poderá presentarse a unha proba de recuperación sobre os elementos curriculares das avaliacións que teña suspensas. En tal caso, a proba de recuperación computará un 80% da avaliación de que se trate, mentres que o 20% restante corresponderase coas calificacións obtidas polo alumnado nas diversas actividades e probas realizadas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe de dita avaliación.

O alumnado que, feita a recuperación e aplicadas as devanditas porcentaxes, non acade o 5 na avaliación final, terá a materia suspensa, e, en caso de promocionar, figurará como materia pendente o próximo curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade nas súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | | | | | X | X |
| ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | | | | | |
| ET.3 - Educación cívica e en valores | X | | | | | X |
| ET.4 - Formación estética | | X | X | X | | X |
| ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes | X | | | | | X |
| ET.6 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais | X | | | | | X |
| ET.7 - Educación para a saúde | | | | | X | X |

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|------------|------------|
|------------|------------|

| Actividade | Descrición |
|---|--|
| Organización dun club de lectura | Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética. |
| Visita de autores e autoras | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte. |
| Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas | Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar. |
| Gravación de podcast con textos literarios | Alumnado do centro de distintas nacionalidades poden gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode espertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais. |
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos. | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes. |
| Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia | Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional. |
| Creación de historias, utilizando ferramentas dixitais | Este é un recurso didáctico moi interesante. Pode orientarse a que o alumnado cree un cómic. Esta actividade serve para transformar o proceso de aprendizaxe. Ademais, facilita que se adquiran competencias como a comprensión lectora, a capacidade analítica, o traballo en equipo ou o desenvolvemento da autonomía persoal. Tamén é moi útil para abordar valores como a empatía e a autoestima. |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación. |

| |
|---|
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto. |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave. |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada. |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...) |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación. |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren. |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos. |
| Realízanse as actividades complementarias programadas. |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas. |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector. |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...) |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa. |

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2022/2023 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 3º ESO | 3 | 105 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 23 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 25 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 26 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 27 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 28 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 28 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 29 |
| 7.2. Actividades complementarias | 30 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 31 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 32 |
| 9. Outros apartados | 33 |

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- Somos diferentes, somos iguais: con esta unidade, preténdense combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos.
- Do donoso e grande escrutinio: o obxectivo desta unidade consiste en facilitar o tránsito desde unha lectura argumental das obras a outra máis analítica, que abra as portas a textos inicialmente afastados da experiencia inmediata do alumnado. Achegarémonos ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Tomo a palabra: Dedicaremos esta unidade ao estudo da palabra. Analizaremos a súa forma (categoría gramatical) e o seu significado e os procedementos para adquirir palabras e as relacións semánticas entre elas.
- Crebacabezas sintáctico: Analizaremos nesta unidade como se organizan as palabras no discurso, cales son as funcións sintácticas que poden desempeñar e a relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.
- Detrás da noticia: Nesta unidade, imos analizar e producir textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Libros, camiños e días dan ao home sabedoría: Dedicaremos esta unidade á análise textual dunha escolma de fragmentos narrativos, líricos e dramáticos procedentes da literatura medieval e aurisecular, tanto do patrimonio nacional como do universal, para a práctica da interpretación literaria e o establecemento de vínculos e diferenzas entre eles.
- A clase!: Nesta unidade, analizaremos os textos orais e escritos propios do ámbito educativo (exames, os traballos de investigación, as presentacións e os debates) xa que unha expresión adecuada e unha comprensión correcta contribuirán á mellora substancial dos resultados académicos en todas as materias.
- Camiñantes viaxeiros: Esta unidade abordará os textos expositivos do ámbito persoal.
- A pedazos, a ratos, a párpados, a sueños. O sentimento amoroso moi presente en todo o noso patrimonio cultural e artístico será o eixo pola que discurra esta unidade. Tras unha primeira aproximación ao concepto literario do amor, analizaranse as distintas teorías amorosas presentes na literatura clásica para reflexionar, finalmente, sobre os mitos do amor romántico na actualidade e a súa incidencia na educación en igualdade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|------|---------|-------|----|----|-------|
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|---------|
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Somos diferentes, somos iguais | Con esta unidade, preténdense combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos. A partir da análise da orixe e do desenvolvemento tanto histórico como sociolingüístico das linguas de España, estudaranse os fenómenos propios do contacto entre linguas (interferencias, préstamos, bilingüismo e diglosia) e promoverase a defensa dos dereitos lingüísticos e a resolución dialogada dos conflitos. | 10 | 10 | X | | |
| 2 | Del donoso y grande escrutinio | O obxectivo desta unidade consiste en facilitar o tránsito desde unha lectura argumental das obras a outra máis analítica, que abra as portas a textos inicialmente afastados da experiencia inmediata do alumnado. Para iso, é necesario o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios, conxugando os horizontes | 10 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Del donoso y grande escrutinio | nacionais cos universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. | 10 | 10 | X | | |
| 3 | Tomo a palabra | Dedicaremos esta unidade ao estudo da palabra: a súa forma (categoría gramatical) e o seu significado, os procedementos para adquirir palabras, formar outras novas e cambiar de categoría as existentes, as relacións semánticas entre elas, así como o seu valor denotativo e connotativo en función do contexto e do propósito comunicativo. | 10 | 10 | X | | |
| 4 | Crebacabezas sintáctico | As palabras adoitan aparecer combinadas en unidades progresivamente maiores: sintagmas e oracións. Analizaremos nesta unidade como se organizan as palabras no discurso, cales son as funcións sintácticas que poden desempeñar e a relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. | 10 | 12 | | X | |
| 5 | Detrás da noticia | A importancia dos medios de comunicación de masas é inmensa: a súa eficacia como difusores de información é equivalente á súa capacidade propagandística. O seu papel na configuración social e política do mundo actual é innegable, por iso é polo que se chegou a afirmar que a prensa constitúe o cuarto poder. Dada a súa relevancia, imos analizar e producir textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación. | 15 | 15 | | X | |
| 6 | Libros, caminos y días dan al hombre sabiduría | Dedicaremos esta unidade á análise textual dunha escolma de fragmentos narrativos, líricos e dramáticos procedentes da literatura medieval e aurisecular, tanto do patrimonio nacional como do universal, para a práctica da interpretación literaria e o establecemento de vínculos y diferenzas entre eles, configurando así un mapa cultural que sente as bases para a comprensión posterior da literatura moderna e a súa evolución como fenómeno artístico. Finalmente, proporase ao alumnado a realización dun traballo final por grupos arredor das seguintes posibilidades: a elaboración dun documental sobre as características fundamentais da literatura medieval, renacentista e barroca, aludindo aos seus principais autores/as e obras; a realización de entrevistas a personaxes literarios relevantes propios da época; a creación dun xornal ou boletín informativo sobre os fitos máis significativos protagonizados por figuras coma o Cid, Celestina, Don Quixote | 10 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Libros, caminos y días dan al hombre sabiduría | e Sancho. | 10 | 10 | | X | |
| 7 | A clase! | Centrarémonos agora nos textos orais e escritos propios do ámbito educativo: os exames, os traballos de investigación, as presentacións e os debates, pois unha expresión adecuada e unha comprensión correcta contribuirán á mellora substancial dos resultados académicos en todas as materias. | 10 | 13 | | | X |
| 8 | Camiñantes viaxeiros | Este proxecto, pensado para traballar textos expositivos do ámbito persoal, céntrase na organización por grupos dunha viaxe: elección do destino axustándose ao orzamento dado, selección dos lugares emblemáticos e exposición oral en clase sobre un deles, investigación sobre os usos e costumes da zona... | 15 | 15 | | | X |
| 9 | A pedazos, a ratos, a párpados, a sueños | O sentimento amoroso constitúe un tema constantemente presente non só na historia da literatura senón tamén na totalidade do patrimonio cultural e artístico da humanidade. Por iso, esta unidade propón a realización dun proxecto de investigación arredor do tratamento deste universal na literatura e no cine, establecendo as súas semellanzas e diferenzas. A clase quedará distribuída en grupos aos que se lles asignará o estudo da evolución amorosa de famosas parellas literarias e cinematográficas (Calisto e Melibea, Romeo e Xulieta, Píramo e Tisbe, Dafne e Apolo..., fronte ás recreadas en filmes como Tres metros sobre el cielo, Crepúsculo ou Brokeback Mountain), presentando as súas conclusións a través dunha exposición multimedia. Tras esa primeira aproximación ao concepto literario do amor, analizaranse as distintas teorías amorosas presentes na literatura clásica para reflexionar, finalmente, sobre os mitos do amor romántico na actualidade e a súa incidencia na educación en igualdade. | 10 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 1 | Somos diferentes, somos iguais | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | O alumnado deberá, como mínimo, explicar tanto a orixe como o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do galego e do castelán. Tamén terá que identificar os trazos dos dialectos do castelán. | PE | 40 |
| CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos. | O alumnado deberá valorar a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Tamén será quen de explicar os fenómenos do contacto entre linguas. | TI | 60 |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social. | É imprescindible que o alumnado participe e interaccione con actitudes de respecto e tolerancia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 2 | Del donoso y grande escrutinio | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra. | PE | 55 |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual. | | |
| CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos temas máis destacados da narrativa actual. | TI | 45 |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura. | O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da narrativa xuvenil e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ese xénero. | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | O alumnado será capaz de realizar e compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa xuvenil actual empregando un formato audiovisual para expresar as súas conclusións de lectura. | | |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes da narrativa actual lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas emerxentes. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 3 | Tomo a palabra | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | Os alumnos e as alumnas deberán relacionar a elección de determinadas palabras en función do propósito comunicativo e identificar os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Como mínimo, o alumnado deberá distinguir entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple). | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado terá que ser quen de explicar mudanzas no significado das palabras, as relacións semánticas entre elas e os seus valores denotativos e connotativos en función do propósito comunicativo. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 4 | Crebacabezas sintáctico | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado deberá recoñecer as funcións sintácticas da oración simple. | PE | 70 |
| CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado deberá utilizar correctamente os signos de puntuación. Tamén será capaz de transformar enunciados relacionando os esquemas semántico e sintáctico das oracións simples. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------|
| |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 5 | Detrás da noticia | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | O alumnado será quen de valorar nos textos orais o seu grao de formalidade, a distancia social entre os interlocutores; a intención comunicativa e os principais elementos non verbais da comunicación. | PE | 50 |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios dos medios de comunicación. | | |
| CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos e identificará a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación de carácter expositivo. | | |
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | O alumnado identificará as variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coa situación de comunicación e coa intención comunicativa. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado elaborará textos coherentes e cohesionados, nos que terá en conta o grao de formalidade, o propósito comunicativo e a canle de comunicación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais e a relación entre as súas partes. Tamén deberá seleccionar e reter a información relevante. | TI | 50 |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura. | O alumnado buscará e seleccionará información de textos propios dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. | | |
| CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información. | Como mínimo, o alumnado deberá ser consciente dos riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. | | |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Os alumnos e as alumnas detectarán os usos discriminatorios da linguaxe e os boatos nos textos dos medios de comunicación social. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunalala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | O alumnado será capaz de reorganizar a información e sintetizala en esquemas propios, de xeito que a comunique de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. |

Contidos

- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 6 | Libros, caminos y días dan al hombre sabiduría | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra. | PE | 70 |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado será quen de crear textos de intención literaria respectando as convencións xenéricas e usando eficazmente os principais recursos expresivos mediante un formato audiovisual e xornalístico. | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | O alumnado será capaz de realizar e compartir coa clase a análise e conclusións de lectura dunha escolma de textos literarios medievais e auriseculares, establecendo vínculos e diferenzas entre eles. | TI | 30 |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes da literatura medieval e aurisecular, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. |

Contidos

- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 7 | A clase! | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios do ámbito educativo. | PE | 45 |
| CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | Os alumnos e as alumnas terán que identificar, como mínimo, os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos de carácter expositivo propios do ámbito educativo. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado elaborará textos coherentes e cohesionados, nos que terá en conta o grao de formalidade, o propósito comunicativo e a canle de comunicación. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | O alumnado elaborará pequenos traballos de investigación sobre temas do ámbito educativo. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, cohesión e adecuación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante. | TI | 55 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | O alumnado valorará nos textos orais do ámbito educativo a claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. | | |
| CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado aplicará os coñecementos sobre os constituíntes das palabras para inferir o significado de termos técnicos habituais nos textos do ámbito académico. | | |
| CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado realizará unha exposición oral de tres minutos sobre un tema educativo con fluidez e coherencia, utilizando o rexistro adecuado. Prestará atención á dicción, á quinésica e á proxémica. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | O alumnado reorganizará a información de distintas fontes de información e sintetizaráa en esquemas propios, de xeito que a comunique de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |

Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escolta activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 8 | Camiñantes viaxeiros | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | O alumnado valorará nos textos orais do ámbito social e persoal a utilidade da información, a claridade expositiva, a dicción e a linguaxe corporal. | TI | 100 |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura. | O alumnado buscará e seleccionará información sobre os destinos turísticos con criterios de fiabilidade, calidade, utilidade e pertinencia. | | |
| CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información. | Como mínimo, o alumnado deberá ser consciente dos riscos de desinformación e manipulación na Rede. | | |
| CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Cada grupo realizará unha exposición oral de cinco minutos sobre o seu plan de viaxe con fluidez e coherencia, utilizando o rexistro adecuado. Prestará atención á dicción, á quinésica e á proxémica. | | |
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado deberá contribuír activamente á consecución dos obxectivos do equipo, respectando en todo momento as normas básicas de cortesía lingüística. | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | As alumnas e os alumnos revisarán os seus textos para mellorar a súa estrutura, utilizar o vocabulario máis preciso e lograr un resultado máis claro e eficaz. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | O alumnado reorganizará a información de distintas fontes de información e sintetizaráa en esquemas propios, de xeito que a comunique de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica. | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para mellorar os textos propios desde o punto de vista estilístico. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social. | No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz, respectando en todo momento a diversidade de opinións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
 - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
 - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
 - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
 - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
 - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
 - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
 - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
 - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 9 | A pedazos, a ratos, a párpados, a sueños | 10 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra. | PE | 50 |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | | |
| CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuío literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor do tratamento do amor na literatura e no cine. | TI | 50 |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado analizará axeitadamente as teorías amorosas presentes na literatura clásica para reflexionar sobre os mitos do amor romántico na actualidade e a súa incidencia na educación en igualdade. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado abordará adecuadamente o estudo comparativo da evolución amorosa de famosas parellas literarias e cinematográficas, presentando as súas conclusións a través dunha exposición multimedia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. |

Contidos

- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas

cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente. |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes. |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura. |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes. |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. |
| Materiais de investigación e consulta. |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os

rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúbdas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de curso, levaráanse a cabo diversas actividades e unha proba de avaliación inicial con items variados para avaliar as capacidades do alumnado nos distintos bloques da materia, especialmente en comprensión e expresión oral, exactitude e velocidade lectora, comprensión e expresión escrita e coñecemento da lingua, atendendo á materia que o alumnado traballou en 2º de ESO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 10 | 10 | 15 | 10 | 10 | 15 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 40 | 55 | 70 | 70 | 50 | 70 | 45 | 0 | 50 | 48 |
| Táboa de indicadores | 60 | 45 | 30 | 30 | 50 | 30 | 55 | 100 | 50 | 52 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- Proba escrita.
- Traballos e actividades, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións, participación e traballo diario na aula e en casa.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media ponderada entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5.

A penalización por erros ortográficos e de expresión nas probas escritas é a seguinte: -0'15 por grafía ou signo de puntuación e -0'15 por cada dúas tiles ata un máximo de 1,5 puntos por proba. Naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restaranse ata 0,1 puntos.

Criterios de recuperación:

Antes da avaliación final, o alumnado poderá presentarse a unha proba de recuperación sobre os elementos curriculares das avaliacións que teña suspensas. En tal caso, a proba de recuperación computará un 80% da avaliación de que se trate, mentres que o 20% restante corresponderase coas calificacións obtidas polo alumnado nas diversas actividades e probas realizadas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe de dita avaliación.

O alumnado que, feita a recuperación e aplicadas as devanditas porcentaxes, non acade o 5 na avaliación final, terá a materia suspensa, e, en caso de promocionar, figurará como materia pendente o próximo curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumno/a terá que realizar dous exames parciais, un na 1ª convocatoria e outro na 2ª convocatoria. En caso de non aprobar, terá que presentarse á terceira convocatoria.

Co fin de axudalo/a á preparación dos exames, o Departamento de Lingua Castelá entregaralle progresivamente unha serie de modelos de exame que tamén terán un peso na nota. O alumno/a debe entregar estes modelos nas datas que se lle marquen. A súa revisión correrá a cargo do seu profesor/a de Lingua Castelá e/ou do xefe do Departamento, que estará dispoñible nun recreo para a atención a estes alumnos, e que os axudará na resolución de dúbidas e na mellora dos aspectos nos que poidan ter máis dificultades.

En cada convocatoria, a nota obtida nestes modelos de entrenamiento suporá un 20% da cualificación, se o profesor/a considera que están suficientemente completas e traballadas. O 80% restante obtense da súa cualificación no exame.

Se a media obtida das dúas primeiras convocatorias é igual ou superior 5, a materia estará aprobada. Se dita media é inferior a 5, estará suspensa. Neste último caso, o alumno/a poderá recuperar a/s convocatoria/s suspensa/s na terceira convocatoria. Para elo, fará de novo un ou máis modelos preparatorios (20% da nota) e un exame (80% da nota) da/s parte/s que teña suspensa/s.

O alumno/a terá unha última oportunidade para aprobar as convocatorias suspensas no período de recuperación previo á avaliación final (a partir do 5 de xuño), no que se seguirá o mesmo sistema: un ou máis modelos preparatorios (20% da nota) e un exame (80% da nota).

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias

particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X | | | | | | | |
| ET.2 - Educación cívica e en valores | | | | | X | | | |
| ET.3 - Formación estética | | | | | | X | | X |
| ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes | X | | | | | | | |
| ET.5 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais | | | | | | | | X |
| ET.6 - Liberdade de expresión | X | | | | X | | | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | X | X | X | | | |

| | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X |
| ET.2 - Educación cívica e en valores | X |
| ET.3 - Formación estética | X |
| ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes | |

| | |
|--|------|
| | UD 9 |
| ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais | |
| ET.6 - Liberdade de expresión | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | |

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|--|--|
| Organización dun club de lectura | Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética. |
| Visita de autores e autoras | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte. |
| Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas | Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar. |

| Actividade | Descrición |
|--|--|
| Gravación de podcast con textos literarios | Alumnado do centro de distintas nacionalidades pode gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode despertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais. |
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado despertarán máis interese entre os/as estudantes. |
| Obradoiros de escritura creativa | Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector. |
| Visionado de películas | O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (capacidades conversacionais, tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos/as participantes. |
| En busca da noticia | Na sociedade actual, o alumnado debe coñecer a linguaxe dos medios de comunicación. Esta actividade permite que se acheguen a este medio e que, a través dunha proposta de aula, se convertan por un tempo en redactores de noticias. Podemos buscar un tema do programa de clase ou de actualidade e, cunhas instrucións precisas, elaborar unha noticia e compartila na aula. |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación. |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto. |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave. |

| |
|--|
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada. |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...) |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación. |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren. |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos. |
| Realízanse as actividades complementarias programadas. |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas. |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector. |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...) |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores. |

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2022/2023 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua castelá e literatura I | 1º Bac. | 3 | 105 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 21 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 22 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 22 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 23 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 24 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 27 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 28 |
| 9. Outros apartados | 28 |

1. Introducción

Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta materia: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura orientase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. A literatura medieval: teatro e narrativa. Esta unidade está dedicada ao estudo da literatura medieval nos seus textos dramáticos e narrativos, en verso e prosa.
2. A lingua como sistema: Fonoloxía e Morfoloxía. Unidade centrada no estudo da estrutura interna da palabra e nas súas unidades.
3. A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica. Analizamos aquí as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións.

4. A lírica medieval: teatro e narrativa. Esta unidade está dedicada ao estudo da literatura medieval nos seus textos líricos.

5. Os textos dos medios de comunicación e do mundo académico. Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e publicitarios) e no ámbito académico (os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc.=

6. A literatura renacentista e barroca. Esta unidade dedicárase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período.

7. As variedades lingüísticas. Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|------|---------|-------|-------|----|--------------|
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A literatura medieval: teatro e narrativa | Esta unidade dividirase en dúas partes. A primeira abordará o estudo dos textos literarios, a súa intención comunicativa, as características da linguaxe literaria e os trazos que definen os moldes xenéricos aos que se adscriben. A segunda centrarase no estudo do teatro e a narrativa medievais. Na narrativa, realizarase unha aproximación ao mester de xograría (cantares de xesta e romances), o mester de clerecía e a prosa didáctica. No teatro, abordarase o teatro relixioso e a Celestina. | 10 | 13 | X | | |
| 2 | A lingua como sistema: Morfoloxía | Imos profundar agora no estudo da palabra. Entramos de cheo, por tanto, no ámbito da Morfoloxía. Esta disciplina ocúpase da estrutura interna das palabras para delimitar, definir e clasificar as súas unidades. Así mesmo, céntrase nas clases de palabras ás que dá lugar (Morfoloxía flexiva) e na formación de novas palabras. Existen outros aspectos lingüísticos que afectan á palabra e non son obxecto de estudo da Morfoloxía, como o significado (Semántica) ou a función (Sintaxe). A palabra foi durante séculos a unidade fundamental da Morfoloxía. De feito, o concepto de palabra é dos máis universalmente coñecidos. Con todo, é unha unidade moi heteroxénea, difícil de definir, posto que as palabras teñen unha composición e unha formación moi diversa, unha significación de extensión variable, múltiples formas externas e diferentes funcións; é dicir, son tan distintas entre si e hai tan poucas características comúns a todas elas, que a súa definición é practicamente imposible. | 20 | 22 | X | | |
| 3 | A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica | Imos analizar agora as relacións entre palabras, tanto polo seu significado (relacións semánticas) como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto sintagmas e oracións. | 20 | 23 | | X | |
| 4 | A lírica medieval | Esta unidade achegará ao alumnado aos primeiros vestixios peninsulares en lingua romance, á lírica primitiva popular, á culta, á poesía cancioneril e aos grandes autores do s. XV. | 10 | 12 | | X | |
| 5 | Os textos dos medios de comunicación e do mundo académico | Nesta unidade, traballaremos os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social (xornalísticos e | 25 | 20 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5 | Os textos dos medios de comunicación e do mundo académico | publicitarios), pois a diario estamos en contacto con estas mensaxes que crean e fomentan hábitos, modelan actitudes e moitas veces deforman a realidade. Por iso, resulta especialmente interesante analizalas desde un punto de vista crítico. A influencia da publicidade sobre o individuo nunha sociedade de consumo está fóra de toda dúbida. Por iso, imos traballar a mensaxe publicitaria en toda a súa complexidade: o concepto de publicidade, os estereotipos e valores que manexa, a súa finalidade, a interrelación de códigos (lingüístico, visual e auditivo), etc. Asimesmo, abordaremos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais, os comentarios críticos, etc. | 25 | 20 | | | X |
| 6 | A literatura renacentista e barroca | Esta unidade dedicarase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período. Na lírica, o alumnado chegarase á produción de Garcilaso, Fray Luis, San Juan, Lope, Góngora e Quevedo. Na narrativa, realizarase un percorrido polos principais tipos de novelas para deterse na revisión do Lazarillo, da obra de Cervantes e da prosa didáctica do XVII. Examinaranse as características do teatro barroco e a produción de Lope e Calderón. | 10 | 10 | | | X |
| 7 | As variedades lingüísticas | Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español, así como as diferenzas e interseccións entre lingua oral e lingua escrita. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua. | 5 | 5 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | A literatura medieval: teatro e narrativa | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos da narrativa e o teatro medievais, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor. | PE | 90 |
| CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | | |
| CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos. | | |
| CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión. | | |
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | O alumnado participará na aula tanto en gran grupo como en equipo e estará atento á participación dos demais compañeiros e do propio profesor/a de cara a mellora das súas competencias na materia | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 2 | A lingua como sistema: Morfoloxía | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Os alumnos e as alumnas recoñecerán e analizarán correctamente as categorías gramaticais e relacionarán o predominio de determinadas clases de palabras coa tipoloxía textual e o propósito comunicativo. | PE | 70 |
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | O alumnado participará na aula tanto en gran grupo como en equipo e estará atento á participación dos demais compañeiros e do propio profesor/a de cara a mellora das súas competencias na materia | | |
| CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta. Tamén terá que identificar os procedementos de formación de palabras para solventar problemas de comprensión. | TI | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado explicará diversos fenómenos lingüístico a nivel morfolóxico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 3 | A lingua como sistema: Sintaxe e Semántica | 23 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | O alumnado deberá explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. | PE | 70 |
| CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado explicará cuestións teóricas e prácticas sobre sintaxe da oración simple e composta e semántica | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | O alumnado participará na aula tanto en gran grupo como en equipo e estará atento á participación dos demais compañeiros e do propio profesor/a de cara a mellora das súas competencias na materia | TI | 30 |
| CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado realizará traballos de creación, mellora e análise de textos enfocados na estrutura sintáctica de oracións simples e compostas e nas relacións semánticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 4 | A lírica medieval | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado analizará as ideas fundamentais dunha obra de lectura proposta polo profesor/a | PE | 85 |
| CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | O alumnado será quen de trasladar a análise dun texto literario amosando unha adecuada asimilación da obra e capacidade para expresar as súas ideas fundamentais | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos da lírica medieval lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | | |
| CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | O alumnado elaborará traballos de investigación e expresará as súas conclusións argumentadas sobre os autores da lírica medieval e/ou os principais roles dos personaxes femininos do período. | | |
| CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | O alumnado será quen de elixir e ler de maneira autónoma textos da literatura contemporánea e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela. | TI | 15 |
| CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | O alumnado será quen de realizar un traballo arredor dalgún concepto literario ou tema da lírica medieval, e as súas derivacións actuais noutras expresións artísticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 5 | Os textos dos medios de comunicación e do mundo académico | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante. | PE | 85 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado valorará nos textos orais do ámbito educativo a claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. | | |
| CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes de textos escritos pertencentes aos medios de comunicación ou ao ámbito académico. | | |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado valorará a coherencia e recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos. Tamén identificará a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación. | | |
| CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe. | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios. | | |
| CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | O alumnado elaborará un traballo de investigación e/ou un resume sobre un tema académico ou dos medios de comunicación. Valorarase a fiabilidade e a pertinencia da información, así como a capacidade de expresala de xeito creativo. | | |
| CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información. | Para documentar o traballo de investigación/resumo, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida. | | |
| CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico. | | |
| CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe. | | |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura. | O alumnado buscará e seleccionará información de textos propios dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. | | |
| CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Para documentar a súa exposición sobre feitos de actualidade, o alumnado deberá consultar diferentes fontes e amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida. | | |
| CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado realizará unha exposición sobre algún feito de actualidade con fluidez e coherencia, usando o rexistro adecuado e adaptándose ao tempo dispoñible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal. | TI | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | O alumnado elaborará comentarios críticos sobre temas académicos ou de interese social. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, a cohesión e a adecuación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais. - Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade. - Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------------|----------|
| 6 | A literatura renacentista e barroca | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado analizará as ideas fundamentais dunha obra de lectura proposta polo profesor/a, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor. | PE | 90 |
| CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | O alumnado será quen de trasladar as ideas fundamentais dunha obra de lectura renacentista ou barroca proposta polo profesor/a, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas. | | |
| CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | O alumnado elixirá autonomamente textos da literatura contemporánea que aborden tópicos renacentistas e barrocos, argumentará os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 7 | As variedades lingüísticas | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | O alumnado deberá tanto explicar o desenvolvemento sociohistórico e a situación actual das linguas de España como comparar as principais variedades dialectais do español en España e en América. | PE | 70 |
| CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos de contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | O alumnado realizará un traballo de investigación no que terá que ser capaz de explicar os fenómenos de contacto entre linguas, así como identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. | TI | 30 |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | As alumnas e os alumnos deberán detectar, rexeitar e evitar os usos discriminatorios da lingua. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social. | No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América. - Estratexias de reflexión interlingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as

súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura clásica, desde a Idade Media ata o Romanticismo, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora (en papel ou a través da aula virtual). |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes. |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura. |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes. |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. |
| Materiais de investigación e consulta. |
| Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións. |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de

información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>

Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>

Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>

Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>

En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>

educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de curso, o profesorado levará a cabo unha labor de observación do traballo e participación de alumnado na aula, así como do nivel académico amosado nas primeiras actividades que deban facer, co fin de determinar o seu nivel nas diversas competencias específicas da materia

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 20 | 20 | 10 | 25 | 10 | 5 | 100 |
| Proba escrita | 90 | 70 | 70 | 85 | 85 | 90 | 70 | 79 |
| Táboa de indicadores | 10 | 30 | 30 | 15 | 15 | 10 | 30 | 21 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- Proba escrita.
- Traballos e actividades, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de

dúbdidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións, participación e traballo diario na aula e en casa.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media ponderada entre as tres avaliacións (dacordo co peso das unidades didácticas), é igual ou superior a 5.

A penalización por erros ortográficos e de expresión nas probas escritas é a seguinte: -0'20 por grafía ou signo de puntuación e -0'10 por til ata un máximo de 2 puntos por proba. Naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restaranse ata 0,1 puntos.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame das avaliacións suspensas. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global extraordinaria que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumno/a terá que realizar dous exames parciais, un na 1ª convocatoria e outro na 2ª convocatoria (nas datas que marque Xefatura de Estudos).

Ademais, co fin de axudalo/a á preparación dos exames, o Departamento de Lingua Castelá entregarlle progresivamente unha serie de modelos de exame que tamén terán un peso na nota.

O alumno/a debe entregar estes modelos nas datas que se lle marquen. A súa revisión correrá a cargo do seu profesor/a de Lingua Castelá e/ou do xefe do Departamento, que estará dispoñible nun recreo para a atención a estes alumnos, e que os axudará na resolución de dúbdidas e na mellora dos aspectos nos que poidan ter máis dificultades.

En cada convocatoria, a nota obtida nestes modelos de entramento suporá un 20% da cualificación, se o profesor/a considera que están suficientemente completas e traballadas. O 80% restante obtense da súa cualificación no exame.

Se a media obtida da primeira e a segunda convocatoria é igual ou superior 5, a materia estará aprobada. Se dita media é inferior a 5, estará suspensa. Neste último caso, o alumno/a poderá recuperar a/s convocatoria/s suspensa/s na 3ª convocatoria (na data que marque Xefatura de Estudos). Para elo, fará de novo un ou máis modelos preparatorios (20% da nota) e un exame (80% da nota) da/s parte/s que teña suspensa/s

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A defensa dos dereitos humanos. | | | | X | X | | X |
| ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. | | | | X | X | X | X |
| ET.3 - O respecto polas diferenzas. | X | | | | | | X |
| ET.4 - A formación estética. | X | | | X | | X | |
| ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible. | | | | | X | | |
| ET.6 - A educación para a saúde. | | | | | X | | |
| ET.7 - O fomento do espírito crítico e científico. | | X | X | | | | |

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|------------|------------|
|------------|------------|

| Actividade | Descrición |
|---|---|
| Visita de autores e autoras. | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e as autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte. |
| Organización dun club de lectura. | Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética. |
| Gravación de podcast con comentarios de textos literarios do programa. | O alumnado pode gravar comentarios de textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos máis significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. O comentario enriqueceríase coas aportacións de todo o alumnado de clase. |
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos. | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os estudantes. |
| Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia. | Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional. |
| Obradoiro de escritura creativa. | Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector. |
| Cine-Fórum. | O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (destrezas conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes. |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación. |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto. |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo). |
| A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas. |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...). |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación. |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos. |
| Realízanse as actividades complementarias programadas. |
| Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas. |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector. |
| Aplicáronse os procedementos e os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...) |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspena. |

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|-----------|---------------|
| 36007011 | IES Pino Manso | O Porriño | 2022/2023 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Literatura universal | 1º Bac. | 4 | 140 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 11 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 11 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 11 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 11 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 12 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 12 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 13 |
| 7.2. Actividades complementarias | 13 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 14 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 15 |
| 9. Outros apartados | 15 |

1. Introducción

O obxectivo de Literatura Universal é que os nosos alumnos abran a súa mirada a outros marcos culturais e espaciais de diferentes épocas, que se decaten da existencia de temas, tópicos, arquetipos, símbolos etc. recorrentes ao longo da historia pois a Literatura é reflexo da sociedade na que vivimos e hai sentimentos e preocupacións comúns á humanidade e obxecto, polo tanto, das obras literarias de tódolos tempos. Tamén é interesante que se acheguen cun espírito a un canon que deixou fóra gran parte das obras escritas por mulleres ou por autoras e autores non occidentais. Na nosa programación combinaremos a perspectiva cronolóxica e a temática engadindo reflexións sobre todo o que rodea o acto literario.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|------|-----|-------|----|----|--------------|
| OBX1 - Ler, interpretar e valorar clásicos da literatura universal atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos do xénero e ás súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e á súa inscrición na tradición cultural, para ampliar as posibilidades de gozo da literatura e para estimular a creatividade literaria e artística. | 4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX2 - Ler de maneira autónoma clásicos da literatura universal como fonte de pracer e de coñecemento e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 2-4 | | | 3 | 12-50 | | | 1-2-31 |
| OBX3 - Establecer vínculos entre obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas recoécendo as semellanzas e as diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade, para constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia da cultura. | 1-2-4 | | | 1 | 50 | 1 | | 1-2 |
| OBX4 - Consolidar un marco de referencias compartidas a partir do coñecemento dalgúns trazos dos principais movementos estéticos e algunhas das obras literarias máis relevantes do patrimonio universal para conformar un mapa cultural no que inscribir as experiencias literarias e culturais persoais. | 4 | | | 2-3 | | 1 | | 1-2-41-42 |
| OBX5 - Participar na construción dun canon literario universal que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura de obras de escritoras e que supere os marcos da cultura occidental para desenvolver o pensamento crítico con respecto á construción discursiva do mundo e dos seus imaxinarios. | 1-2-4 | | | | 40 | 1 | | 1-2 |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A literatura na Antigüidade | | 30 | 40 | X | | |
| 2 | A literatura desde o Renacemento ata o século XIX | | 35 | 50 | | X | |
| 3 | A literatura no século XX e na actualidade | | 35 | 50 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 1 | A literatura na Antigüidade | 40 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Lectura e análise de fragmentos relacionados con heroes míticos. Exposición oral sobre distintos aspectos do teatro grego. Lectura e análise dunha traxedia. | TI | 100 |
| CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Interpretación politicamente correcta dun conto popular. Realización dun esquema sobre as obras de Homero. Elaboración dun mapa literario. | | |
| CA1.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos. | Conversa entre dúas personaxes dun mito existente en distintas culturas. Exposición oral onde se conecten tópicos coas súas manifestacións literarias, musicais, cinematográficas e das artes plásticas. | | |
| CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Lectura e análise de fragmentos relacionados con heroes míticos. Exposición oral sobre distintos aspectos do teatro grego. Lectura e análise dunha traxedia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Interpretación politicamente correcta dun conto popular. Realización dun esquema sobre as obras de Homero. Elaboración dun mapa literario. | | |
| CA2.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos. | Conversa entre dúas personaxes dun mito existente en distintas culturas. Exposición oral onde se conecten tópicos coas súas manifestacións literarias, musicais, cinematográficas e das artes plásticas. | | |
| CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Lectura e análise de fragmentos relacionados con heroes míticos. Exposición oral sobre distintos aspectos do teatro grego. Lectura e análise dunha traxedia. | | |
| CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Interpretación politicamente correcta dun conto popular. Realización dun esquema sobre as obras de Homero. Elaboración dun mapa literario. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos. | Conversa entre dúas personaxes dun mito existente en distintas culturas. Exposición oral onde se conecten tópicos coas súas manifestacións literarias, musicais, cinematográficas e das artes plásticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Dicitur eu. Identidade e literatura. - Poesía lírica. - A canción, forma de expresión dos sentimentos. - Narrativa existencial: personaxes en crise. - Dialogar cos outros. - Fronte á lei ou ao destino: a traxedia. |

Contidos

- Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo.
- Mundos imaxinados: mitos e narrativa. Mitoloxías. Heroes e heroínas. Viaxes imaxinarias. Espazos e criaturas fantásticas. Utopías, distopías, ciencia ficción.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria.
- Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria.
- Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 2 | A literatura desde o Renacemento ata o século XIX | 50 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Creación de poemas petrarquistas. Representación teatral a partir dun conto. Knolling dunha novela da Ilustración. | TI | 100 |
| CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos. | Texto expositivo sobre as características do teatro isabelino e lectura dunha obra. Lectura dunha comedia latina. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría. | Reflexión sobre fragmentos ou obras literarias ou cinematográficas desde a perspectiva de xénero. | | |
| CA2.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Creación de poemas petrarquistas. Representación teatral a partir dun conto. Knolling dunha novela da Ilustración. | | |
| CA2.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos. | Texto expositivo sobre as características do teatro isabelino e lectura dunha obra. Lectura dunha comedia latina. | | |
| CA2.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría. | Reflexión sobre fragmentos ou obras literarias ou cinematográficas desde a perspectiva de xénero. | | |
| CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Creación de poemas petrarquistas. Representación teatral a partir dun conto. Knolling dunha novela da Ilustración. | | |
| CA3.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos. | Texto expositivo sobre as características do teatro isabelino e lectura dunha obra. Lectura dunha comedia latina. | | |
| CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría. | Reflexión sobre fragmentos ou obras literarias ou cinematográficas desde a perspectiva de xénero. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Dicir o eu. Identidade e literatura.
- Poesía lírica.
- A canción, forma de expresión dos sentimentos.
- Dialogar cos outros.
- Humor crítico, humor compracente: a comedia.
- Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo.
- Mundos en imaxes. O cómic. O cinema.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria.
- Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 3 | A literatura no século XX e na actualidade | 50 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica. | Lectura de textos de distintos xéneros. Novela existencial (precuela), policial (pizarra policial), distópica (comparación texto literario e cinematográfico, de terror (lectura dramatizada). | TI | 100 |
| CA1.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal. | Elaboración dunha liña cronolóxica. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria. | Elaboración dun podcast e dun vídeo. | | |
| CA2.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica. | Lectura de textos de distintos xéneros. Novela existencial (precuela), policial (pizarra policial), distópica (comparación texto literario e cinematográfico, de terror (lectura dramatizada). | | |
| CA2.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal. | Elaboración dunha liña cronolóxica. | | |
| CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria. | Elaboración dun podcast e dun vídeo. | | |
| CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica. | Lectura de textos de distintos xéneros. Novela existencial (precuela), policial (pizarra policial), distópica (comparación texto literario e cinematográfico, de terror (lectura dramatizada). | | |
| CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal. | Elaboración dunha liña cronolóxica. | | |
| CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría. | Elaboración dun podcast e dun vídeo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Dicitur o eu. Identidade e literatura. - Poesía lírica. - A canción, forma de expresión dos sentimentos. - Literatura testemuñal e biográfica: diarios, cartas, memorias etc. |

Contidos

- Realidade ficticia ou realidade representada: autobiografías, autoficción etc.
- Narrativa existencial: personaxes en crise.
- Dialogar cos outros.
- Fronte ás convencións sociais: o drama.
- Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo.
- Mundos imaxinados: mitos e narrativa. Mitoloxías. Heroes e heroínas. Viaxes imaxinarias. Espazos e criaturas fantásticas. Utopías, distopías, ciencia ficción.
- ¿ Mundos observados: conto e novela. Bildungsroman ou novela de formación. Espazos privados, espazos públicos: afectos íntimos e lazos sociais. Desigualdades, discriminación, violencias. Guerra e revolución. Migracións e identidades culturais. Colonialismo e emancipación. Diálogos co poder.
- Mundos de evasión. A literatura de aventuras e a novela policial. Literatura de terror.
- A arte como compromiso: o ensaio. A literatura de ideas
- O ser humano, os animais e a natureza: admiración, sobrecollemento, denuncia. Poesía, narrativa e ensaio.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais.
- Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido.
- Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na materia de Literatura Universal preténdese que os alumnos aprendan a aprender pola súa conta consultando fontes, seleccionando as axeitadas e transmitindo os súas conclusións a través de traballos moi variados de xeito individual, por parellas e por equipos de catro persoas. As conclusións das súas reflexións compartiranse co grupo clase a través de produtos moi diversos: exposicións orais, escritas, podcast, mapas literarios, representacións teatrais, pizarras policiais, knolling, declamación de textos, debuxos, monólogos, textos con intención literaria, esquemas, abecedarios literarios, rap... de xeito que poidan demostrar as súas capacidades e habilidades.

Como dúas horas teñen lugar na aula de Informática e outras dúas na Biblioteca podemos aproveitar os recursos propios das Tecnoloxías e tamén nos beneficiamos dos recursos de Biblioteca: materiais audiovisuais, dicionarios, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

A selección dos materiais é adecuada á diversidade de intereses e capacidades dos alumnos e á variedade de actividades propostas. Os alumnos non teñen libro de texto, pero si unha Aula Virtual onde teñen materiais de todo tipo: orais, escritos, vídeos, enlaces a Internet... Na Biblioteca teñen acceso a libros en papel, películas, música e cómics.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No primeiro día de clase haberá unha charla sobre os motivos polo que os alumnos elixiron a materia, os seus gustos literarios, a reflexión sobre que son os clásicos da Literatura Universal e outros temas de interese para o noso alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 30 | 35 | 35 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación calificaranse os textos do alumnado valorándose a súa coherencia, cohesión, adecuación e corrección ortográfica. Outros aspectos que serán tidos en conta son:

- a calidade, profundización, creatividade na elaboración de proxectos e a súa exposición
- a participación no traballo por parellas ou por equipos de forma equitativa e activa para todos os membros
- a cantidade e calidade das intervencións orais voluntarias na clase
- a declamación das lecturas en alto
- o respecto ás normas establecidas para o correcto desenvolvemento das clases: non empregar o móbil sen permiso,

avisar á docente sempre que un traballo estea rematado, non empregar o ordenador para outros usos que estean relacionados coa actividade proposta, puntualidade na chegada á clase, entrega dos traballos no día acordado, interese nas tarefas que se aborden, aproveitamento dos cincuenta minutos da clase, etc.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas. Sen embargo, calquera circunstancia que alterase o normal desenvolvemento das clases, a proposta de actividades alternativas por parte do alumnado, etc. que puidese alterar esta previsión de programación podería alterar as porcentaxes dalgunha ou de todas as unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións.

Crterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Fará o seguimento da materia pendente a persoa que ocupe a xefatura do departamento, quen informará e orientará ao alumnado afectado desde o primeiro mes de clase e ata o remate do procedemento.

A materia estará recuperada en caso de superar os dous exames parciais a realizar en decembro e abril. En tal caso, a cualificación obtense da media das dúas probas, con aplicación de redondeo.

De non recuperar a materia por tal vía, haberá un exame global a final do curso, en data fixada pola xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

A grande variedade de actividades responde ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Isto consíguese coa diversidade de agrupamentos e de linguaxes e soportes elixidos para a presentación dos traballos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X |
| ET.2 - A competencia dixital | X | X | X |
| ET.3 - A educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.4 - A creatividade e a formación estética | X | X | X |
| ET.5 - A igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible | | | X |
| ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática | X | X | X |

Observacións:

A cantidade e variedade dos textos e actividades propostas darán pé a tratar valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por ningunha causa, o uso dunha linguaxe non sexista, a resolución pacífica de conflitos, a cooperación para acadar un obxectivo común, o consumo sostible, o respecto á natureza e o uso responsable dos medios dixitais.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|--|---|
| 1. Entrevistas ficticias a autores e autoras representativos da literatura universal. | Cada equipo escollerá un autor da Literatura Universal e faráselle unha entrevista. |
| 2. Organización dun club de lectura dentro da | Os alumnos escollerán os seus fragmentos preferidos das obras lidas e explicarán por que os elixiron. |
| 3. Gravación de podcast con lecturas de textos literarios do programa da materia. | O alumnado pode gravar textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos máis significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. |
| 4. Elaboración de vídeos con comentarios de obras que forman parte do programa da materia. | Os vídeos presentaranse ao concurso de Cans |
| 5. Cine-fórum | Visionado de películas relacionadas coa algunha obra lida na clase |
| 6. Roteiro literario | Os alumnos situarán nun mapa os lugares nomeados nunha obra literaria |
| 7. Biografías de personaxes femininos ou escritoras representativos da literatura universal. | Os alumnos investigarán sobre o contexto histórico do personaxe ou escritora, escribirá a súa biografía, relacionaráa con algunha historia recente aparecida nos medios de comunicación e imaxinará unha trama con este personaxe adaptada ao momento presente. |

| Actividade | Descrición |
|---|---|
| 8. Knolling | Escolleranse os obxectos mais significativos dunha obra e faraselle unha foto. Cada alumno terá que explicar a importancia dun deles na obra. |
| 9. Representación teatral | Os alumnos escollerán algún conto e transformaranos nunha escea teatral que representarán diante dos compañeiros |
| 10. Abecedario literario | Escolleranse un número determinado de letras e farase un abecedario con palabras importantes para a interpretación dunha obra |
| 11. Pizarra policial | Lerase unha obra policiaca e farase unha pizarra cos sospeitosos ao xeito dos policías nas súas investigacións. |
| 12. Asistencia a unha obra de teatro, unha comedia latina de Plauto | Os alumnos asistirán como público a unha obra de teatro e experimentarán este xénero literario en toda a súa complexidade. |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| 1. Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto. Informáraselles sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación. |
| 2. Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| 3. As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía, materiais empregados e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo). |
| 4. A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada. |
| 5. Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción. |
| 6. Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| 7. Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos. |
| 8. Realízanse as actividades complementarias programadas. |
| 9. Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. |
| 10. Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |
| 11. Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...) |
| 12. Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa. |

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

-A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.

- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Literatura Universal estará á disposición da comunidade educativa do centro.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados